

Manuel Taboada Cid

XOSÉ LUÍS COUCEIRO

A nosa revista ten que lamentar neste ano a perda dun dos seus máis antigos e fieis colaboradores: o pasado 27 de xullo, aínda ben novo, morreu na súa casa de Santiago de Compostela, Manuel Taboada Cid, primeiro catedrático de Gramática Histórica del Español da Facultade de Filoloxía da nova Universidade da Coruña, centro no que por oposición ingresara un ano antes e no que apenas puido desenvolver-la súa vocación como docente e investigador.

M. Taboada nacera en Verín (Ourense) o 29 de marzo de 1946. A súa actividade investigadora, en certa medida, non se afastará moito do seu val natal e da súa rodeada que desde neno aprende a coñecer de man do mellor guía que tivo esa vila: a de seu pai, o historiador e académico Xesús Taboada Chivite. Aínda neno, e mentres estudia o bacharelato en Verín –o curso preuniversitario farao no "seu" Instituto "Otero Pedrayo" de Ourense–, ten a oportunidade de acompañar ó pai en investigacións etnográficas e nas descubertas arqueolóxicas do val de Monterrei, de penetrar nas peculiaridades espirituais e materiais dos seus habitantes, identificándose ó mesmo tempo cos ideais galeguistas daqueles novos investigadores (X. Lorenzo, A. Fraguas, X. Carro, Ferro Couselo, etc.), discípulos directos dos membros da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos. Nesta liña, será oportuno lembrar que un dos últimos actos públicos ós que asistiu foi o acto de doazón da biblioteca paterna ó Museo do Pobo Galego en Santiago.

Os seus estudos universitarios iniciáronse no ano 1963 na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago. Superados os dous cursos iniciais, os comúns, onde tiivo como profesores a A. Moralejo, E. Moreno Báez, R. Otero, J. Manteiga e F. Río Barja, decide inscribirse na Sección de Filoloxía Románica, especialidade recentemente implantada naquela Facultade e na que ensinaban ademais dos citados Moralejo e Moreno Báez, M. Lucas Alvarez, M. Rabanal e, en disciplinas lingüísticas, dous catedráticos novos, F. Monge e Constantino García, que co seu maxisterio –especialmente o deste– orientaron definitivamente os estudos de M. Taboada. Efectivamente, baixo a dirección do último, no ano 1971 acada o grao de licenciado co traballo *Vocabulario y notas etnográficas de la Mezquita (Orense)*, –premiado dous anos despois no I Concurso de Tesis y Tesinas del Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo"–, estudio predominantemente lexicográfico sobre unha fala de transición dentro do chamado galego oriental, o occidente da provincia de Zamora e o norte de Portugal; en versión reducida pode lerse baixo o título "Algunos aspectos de la vida material y espiritual de A Mezquita", en *Boletín Auriense*, 8, pp. 107–166. No ano 1976, por suxerencia do mesmo director, presentou e defendeu publi-

camente a súa tese de doutoramento *El habla del Valle de Verin*. Unha primeira parte, a parte gramatical, publicouse seguidamente e co mesmo título en *Verba* como anexo 15, no 1979. A segunda parte, parcialmente ampliada e reelaborada pola inclusión de 44 mapas, verá a luz en 1989 co título *Léxico de la comarca de Verin (Orense)*, anexo 14 do *Boletín Auriense*. Nun e noutroponse de manifesto o carácter arcaizante do galego do norte do val, a forte castellanización do centro e a penetración sobresaliente de préstamos portugueses no sur.

A obtención destes graos académicos non desencamiñou a aquel recién titulado da actividade docente que empeza, no curso 1968–69, como lector de español no Lycée de Garçons de Auch, en Francia, onde permanece durante un curso para regresar no seguinte á zona da Mezquita e Verín para realizar traballos de campo, becado polo Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago. Xa como profesor de lingua e literatura españolas incorpórase ó Instituto "Otero Pedrayo" de Ourense, onde coñece a M. Nieves de Paula Pombar, profesora do centro, con quen casará pouco despois, e que o acompañará nun paralelo curriculum universitario e comúns intereses científicos, en parte recollidos en *Verba*, aínda que xuntos nunca chegaron a firmar ningún libro nin artigo. En Ourense permanecerá os cursos de 1971 e 1972. O seu retorno ás aulas universitarias compostelanas produciuse ó comezo do curso seguinte como profesor encargado de curso, despois de que A. Echaide, entón profesora agregada de Lingua Española na Facultade de Filoloxía, solicitara a súa colaboración para impartir esta disciplina en dedicación exclusiva, incluso cando circunstancialmente estivo no cadro docente do recién creado Colexio Universitario de Vigo no curso 1977–1978. En cursos posteriores desempeñou interinamente tódolos graos administrativos da docencia universitaria ata que no ano 1983, por oposición, acada o cargo de profesor adxunto. Ó seu cargo tivo, pois, o ensino de Lingua Española nos tres primeiros cursos da especialidade de Filoloxía Hispánica, así como a optativa Lingüística española I. Aquela materia tamén a impartía nos dous primeiros cursos de Filoloxía Románica, Clásica e Xermánica, xuntamente coas asignaturas de Introducción á Lingüística e Historia e dialectoloxía do español. Así mesmo participou como profesor de Metodoloxía da Lingua española en numerosos cursiños destinados a profesores de Educación Xeral Básica e de Ensino Medio.

Mentres vai perfilando a súa tese –e nos anos inmediatos–, recolle no entorno do seu val de Verín, servíndose de enquisas, e ó longo da fronteira portuguesa, materiais para a publicación de "El arado radial en el sur de la provincia de Orense" (*Boletín Auriense*, 6, pp. 285–304), de carácter etnográfico–lingüístico, e de "Afinidades lingüísticas galego–portuguesas na fronteira de Ourense (I): notas fonético–morfolóxicas sobre as nasais" (*Senara*, 1, pp. 107–125). En ámbolos dous artigosponse de manifesto a identidade lingüística do norte de Portugal e do sur de Galicia. Lingüisticamente, pois, non hai fronteira e si unha área indeferenciada. No ano 1984 prepara como anexo 23 de *Verba* os *Elementos de gramática histórica gallega. Fonética y Morfología* de V. García de Diego. Trátase dunha edición facsimilar sobre a edición burgalesa de 1909 pero coas correccións, anotacións marxinais e interlineares, supresións, substitucións, etc. do exemplar utilizado polo autor. J. Filgueira Valverde prologa a obra, mentres que o editor presenta na introducción o autor e dota á gramática dun completo índice de palabras.

As contribucións de M. Taboada á lingüística galega nos últimos tempos permanecen inéditas e en diverso grao de realización. Os actuais medios informáticos permítennos coñecer, xa encadernado e case coa a aparencia que tería nas librerías, o que sería o primeiro dicionario inverso da lingua galega, básico para calquera investigación no campo da morfoloxía derivativa. Igualmente non chegaron ó prelo as conferencias que deu, no mes de xullo do ano 1991, en Lubián, Verín e Chaves, sobre a incidencia da política lingüística de tres administracións nesa área xeográfica. Neste ciclo, promovido polo Consello da Cultura Galega, acompañouno F. Fernández Rei, quen si publicou a súa contribución en *Lindeiros da galeguidade II* (Santiago, 1993), lugar onde había espacio reservado para a contribución de M. Taboada.

Paralelamente a esta investigación galega desenvólvese a dedicada a lingüística española, que se inicia con "Relaciones sintácticas en el interior de la frase nominal: la aposición" (*Verba*, 5, pp. 315-340). Esta estudiárase pouco na gramática española e tendíase a confundila coa xustaposición, unha etiqueta xenérica non moi precisa. Faise unha historia da palabra desde Nebrija, estúdiase o seu concepto na lingüística contemporánea, para chegar á conclusión de que tódalas construcións consideradas como apositivas son funcións de modificación dentro da frase nominal. A relación establecida entre núcleo e modificador é de subordinación. E ademais esta designación non debe de empregarse para adxectivos, xerundios e participios. Son requisitos para o seu recto uso o de identidade categorial, igualdade funcional, intercambiabilidade e equivalencia semántica contextual.

O pasado gramatical do español pareceulle ó estudioso galego abondo ignorado en comparanza co doutras linguas románicas. Igualmente botábase en falta unha morfoloxía e sintaxe histórica que continuaran os excelentes estudos de fonética e de fonoloxía xa existentes. En relación con aquel pasado, empezou a investigar sobre da gramática medieval en España, esencialmente latina, onde xa aparecen descritos trazos morfolóxicos e sintácticos do español. Os resultados desta investigación presentáronse nun coloquio internacional celebrado en París (Univ. Paris XIII, nov. 1988) baixo o título "L'activité paraphrastique en Espagne, au Moyen Age", e para publicación "Gramáticas latino-castellanas entre los siglos XIII-XV" aparecerá en *Cahiers de Linguistique Hispanique Médiévale*. A amplitude da investigación levouno á creación dun equipo multidisciplinar dirixido por el mesmo co propósito de edita-los textos manuscritos, para o que contaba cunha subvención da Xunta de Galicia durante os anos 1990-1991.

Nas Monografías da Universidade de Santiago de Compostela (1984) editou, con introducción e notas, a *Arte Kastellana (1626)*, de Gonzalo Correas. Trátase da gramática incluída no *Trilingve de tres artes de las tres lenguas Kastellana, Latina y Griega*, a gramática usada pola maioría dos estudiosos españois, xa que a editada por Alarcos García en 1954 permaneceu inédita ata principios de século. A edición crítica vai precedida dunha longa introducción na que se fai una semblanza bio-bibliográfica de Correas, relaciónanse as súas contribucións lingüísticas e analízanse na totalidade da súa obra as aportacións ó humanismo do s. XVIII.

Un ano antes tiña presentado ó XIII Simposio de la Sociedad Española de Lingüística a comunicación "Juan de Miranda y sus Osservazioni della lingua castigliana". Detecta

as influencias de gramáticos italianos e as páxinas plaxiadas por Oudin da obra de Miranda. Analízanse tamén aspectos fonético-fonolóxicos do español do s. XVI, sobre todo das sibilantes.

Atención especial mereceulle a primeira edición da gramática castellana da Real Academia Española. Proxectou facerlle unha edición crítica con estudio introductorio –plan aprobado pola Xunta de Goberno daquela corporación, en xullo de 1880–: isto levaba á consulta do escrito polos académicos entre 1739 e 1788 (cinco grosos volumes de *Documentos gramaticales*), ademais dos doce tomos de *Libros de Acuerdos*. Na actualidade está preparada a edición do texto co seu aparato crítico, á que se lle engadiron as correccións introducidas polas posteriores edicións de 1772, 1781 e 1788, e sinalando nos distintos apartados a fonte gramatical empregada. Pero xa antes tiña dado ó prelo "Notas para una edición de las primeras gramáticas de la Real Academia Española (1771, 1772, 1781, 1788)", en *Verba*, 8, pp. 79–112, seguido dunha breve "Aclaración" (*Verba*, 9, pp. 325–328) na que se describe o proceso de xestación da gramática de 1771 desde que en 1739 empezaran os traballos. Nun artigo aparecido na *Homenaxe ó Prof. Constantino García* (Santiago, 1991, II, pp. 195–210) co título de "Primeras fuentes gramaticales de la gramática de 1771 de la R.A.E.", documéntanse como tales fontes un total de cincuenta e oito gramáticas antigas e modernas, ademais dos dicionarios de Autoridades, da Academia Francesa e o da Crusca.

Un curioso capítulo da investigación do Prof. Taboada sitúase na dialectoloxía histórica: no XV Simposio de la Sociedad Española de Lingüística tiña presentado unha comunicación sobre o "castellano avizcainado" e o "sayagués" a principios do s. XVII que chamou a atención de López Morales, quen lle pediu un artigo –"Castellano avizcainado y sayagués en un texto de 1610" –para o *Boletín de la Academia Puertorriqueña de la Lengua Española*. A partir dunha ducia de redondillas avizcainadas, ponse de manifesto a existencia dunha lingua artificial, distorsionada, que se usa como recurso literario de efectos cómicos, sobre todo no teatro, lonxe, pois, de reais interferencias lingüísticas. En cambio a vintena de redondillas sayaguesas documentan unha variedade dialectal que foi aproveitada por Herrera Gallinato na confección das súas en 1630. Como se sabe, a obra deste usárona como material lingüístico relevante Menéndez Pidal e Zamora Vicente nos seus estudos dialectolóxicos. Taboada, rastrexando tódolos testemuños de linguistas e literatos, é quen de dar unha visión histórica do dialecto. Un complemento deste artigo é o titulado "Lingüística hispánica renacentista: lenguas y dialectos en las gramáticas españolas de los siglos XVI–XVII (1492–1630)" (*Verba*, 16, pp. 75–90), no que se estudian as nocións de lingua e dialecto no período sinalado.

Desde o mes de novembro de 1986 ata o mes de outubro do ano seguinte M. Taboada desempeña o cargo de Director Xeral de Política Lingüística, cargo ó que accede grazas ós seus ideais galeguistas, dos que é coñecedora a Conselleira de Educación, Sra. Sáinz. Asumida por esta, desde a súa Dirección impulsa a publicación da Orde de 4 de setembro de 1987 pola que se trata de galeguiza–la administración dos centros escolares, dotando por vez primeira de contidos galegos a Lei de Normalización Lingüística: faise do galego a lingua da Administración educativa, das áreas que nel se imparten e das materias que obrigatoria ou voluntariamente nel se queiran impartir, incluídas as materias cien-

tíficas e tecnolóxicas. Por vez primeira, en fin, trátase de que o galego chegue a aqueles alumnos que non o tiveron de lingua materna. Esta orde, amparada polo voto maioritario de Alianza Popular, entóns a forza política no goberno, foi, así mesmo, ben acollida por partidos e colectivos culturais nacionalistas. Sen embargo, a orde sería recorrida posteriormente alegando inconstitucionalidade polo goberno central quen, ademais, contou coa aquiescencia dun goberno galego tripartito, con predominio socialista, nado pouco despois como consecuencia dunha moción de censura.

Unha vez rematada esta breve incursión na política, M. Taboada reintégrase á súa investigación e docencia universitaria. É entóns cando decide preparar e opositar á cátedra de Historia de la Lengua Española da Universidade de Oviedo –a cátedra de Alarcos Llorach–, obxectivo que acada a principios do curso 1990. Posteriormente, como arriba se dixo, decide face-lo mesmo na Universidade da Coruña, máis próxima ó seu fogar santiagués, pero tamén no centro das súas preocupacións: por un lado a terra, a xente, pero tamén a posibilidade de formar na súa disciplina, nun departamento novo, un equipo de investigación que compartira en boa medida os seus intereses intelectuais.

Esta breve nota na memoria de Manolo Taboada pecaría de falta de obxectividade se non se puxeran de manifesto non só as cualidades docentes, intelectuais e cívicas que sempre exerceu, senón tamén aquelas outras que, en certo modo máis humanas e inmediatamente perceptibles, envolvían o seu trato, trato cheo de cortesía e familiaridade: carácter aberto, ledo e optimista, sentido do compañeirismo –poucos días antes de morrer non dubida en acudir a unha reunión de condiscípulos–, profundo sentimento da hospitalidade e da amizade fixeron del o amigo cordial que moitos –e non uns poucos– perdemos e todos lembramos.